

## CAMIÑO DOS CEN

MIÉRCOLES, 01 DE JUNIO DE 2011 01:09 XAIME BELLO COSTA



Camiño do centenario o Toxos e Froles celebrou o seu 96 aniversario cun festival no teatro Jofre, o mesmo escenario no que tivera lugar a primeira actuación do coro, o 29 de maio de 1915. O acto serviu tamén para lle entregar á agrupación folclórica santiaguesa Cantigas e Agarimos o premio Manuel Lorenzo Barxa, que lembra ao mestre gaiteiro fundador da masa coral decana de Galiza. Chegado de Vila do Conde, tamén participou no festival o Rancho da Praça, o coro máis antigo de Portugal, irmanado con Toxos desde 1935.

Dixo moi ben Eliseo Zaera na presentación que Toxos é historia viva da cultura galega. Certo, xa que tivo un papel determinante na constitución das Irmandades da Fala en Ferrol. É unha institución sobranceira no fomento e difusión do noso teatro e, especialmente, da nosa música e danza. Por todo o que significou e significa, teño un afecto especial por este ben de interese cultural.

Os coristas, dirixidos pola man sabia de Manuel Amorós Romero, emociónanme particularmente cando interpretan a Negra sombra, o Alalá das Mariñas ou o noso himno. O domingo no Jofre tivemos oportunidade de comprobar o ben que lle senta ao coro andar por riba dos noventa. Voces e instrumentos ao servizo dunha entidade que nos une e nos identifica. Cantigas tradicionais e populares que testemuñan a riqueza do noso folclore. Pero claro que botei en falta a Cebra. Unha forte aperta irmán.

(\*) Xaime Bello Costa foi alcalde de Ferrol